

ATENEA 57

Ateneo ferrolan





Foto: Arquivo Ateneo

ATENEA
Revista trimestral do
ATENEO FERROLÁN
Nº 57
Xaneiro 2025

Edita
ATENEO FERROLÁN

Redacción e administración
Rúa Magdalena, 202-204
FERROL
981 35 79 70
www.ateneoferrolan.org

Coordinación
XABIER MONTERO DONGIL
FERNANDO RIVERA GARCÍA

Deseño e maquetación
FERNANDO RIVERA GARCÍA

Foto portada
XOÁN PORTO

ISSN
1575-9679
Depósito legal
C-1937-1999

CONTIDO



Xabier M. Dongil
Presidente do Ateneo Ferrolán

LIMIAR

Tedes a vosa vista a Revista Atenea nº 57, que leva un mes de atraso. Non vou a xustificalo, mais ben vou ser autocrítico e asumir a responsabilidade do mesmo, sobre todo, pola falla de axilidade en suplir os problemas xurdidos con algunhas colaboracións que, por razóns profesionais, non puideran chegar a tempo. Debemos ser mais previsores. En calquera caso, Atenea 57, xa está no voso poder e congratúlanos enormemente.

Neste momento estamos a rematar a memoria de actividades do ano 2024, para presentar no Concello, xunto a conta de resultados, e xustificar a subvención recibida mediante o convenio nominativo. Documento que remitiremos nos rexistro públicos pertinentes, co fin de aplicar as políticas de transparencia, que tan importantes son no coñecemento do uso dos recursos públicos.

A modo de resumo, direivos que o 2024 foi un ano moi positivo en canto a actividades; teatro (escola e representacións); exposicións variadas; presentacións de libros; martes de cine (xa retomado); clubs de lectura; etc.

Estivemos por primeira vez na programación do Festea (Teatro de Obxectos e Monicreques) e definimos o noso espacio para a participación, para os debates, para as proxeccións, para as conferencias, para o teatro, e dicir, para calquera expresión cultural que teña a mellor cabida no Ateneo.

Melloramos a nosa comunicación nas redes sociais; temos unha pantalla informativa durante doce horas ao día; mantivemos aberto o Ateneo durante todo o ano (incluíndo o verán); pechamos o cadro de persoal; fixemos un convenio de colaboración co Colexio de Arquitectos para realización de actividades; coordinamos xuntanzas de partidos políticos e de veciñanza na nosa sede; organizamos xornadas de diversa índole (violencia de xénero, VIH, formativas, etc.); mantemos o convenio coa Universidade da Coruña para a

realización das prácticas curriculares das alumnas e alumnos do grao de "Xestión dixital de Información e Documentación".
Por outra banda, destacar a incorporación, ao noso repositorio dixital, da cabeceira la "Libertad", periódico editado polo "Órgano de la Sociedad de Agricultores de Serantes" durante 1924 – 1936. Tamén seguimos traballando na Federación de Ateneos de Galicia, preparando actividades conxuntas.

No horizonte do 2025 xa podemos albiscar algunhas das actividades que xa temos programadas, aparte das conferencias, presentacións de libros e outras, case semanais, presentaremos o libro "Memorial e monumento ás vítimas do franquismo en Ferrolterra, Eume e Ortegal", editado polo Ateneo, sobre os fusilados polo franquismo nestas comarcas. Comenzaremos o "roteiro" sobre a memoria, liberdade e futuro de Ferrol (o nome está por definir); estamos traballando nas sextas Xornadas de Documentación, nos martes de cine, no certame de curtametraxes, nas Xornadas da Gaita,... en fin, traballo arreo que segue adiante co voso inquebrantable apoio.

Supoño que se chegastes ata aquí xa descubristes que, nesta ocasión, falamos máis do noso que doutras cousas. Nos seguintes números de Atenea seguiremos a falar e analizar os temas que se están a dar .



Vicetto

BICENTENARIO DE BENITO VICETTO

CRONOLOXÍA DUNHA REHABILITACIÓN

Por Asociación Cultural Ferrolterra Antiga



Benito Vicetto Pérez naceu en Ferrol (aínda non se determinou o lugar concreto) o 22 de maio do ano 1824. Por tanto, neste ano 2024 acadábanse os 200 anos do seu natalicio. Ante tal efeméride cumpría facer unhas homenaxes acordes a magnitude da persoa e da súa contribución para con Galicia. Era, tamén, a oportunidade idónea para rehabilitar a súa maltratada memoria. A simple consideración das derradeiras conmemoracións falan con claridade do esquecemento ao que estivo condenada a memoria do novelista e historiador ferrolán. A última homenaxe aconteceu entorno ao ano 1978, momento en que, con motivo do cumprimento nesa ocasión do centenario do seu falecemento, renovouse a lápida da súa sepultura no cemiterio de Catabois.

Dende aquela nada destacable, a excepción da edición polo Concello de Ferrol dunha breve biografía, en 1999, escrita polo profesor Juan Renales Cortes. Isto supón 45 anos de total esquecemento dende a propia cidade do autor, pero tamén dende o resto de Galicia. No ámbito dos estudos ao cousa non resultou mellor, soamente existen dúas obras biográficas sobre Vicetto, a xa mencionada de Juan Renales Cortes, a quen tamén debemos algúns dos máis importantes estudos sobre a obra literaria de Vicetto, e unha biografía novelada de Josefina López de Serantes, do ano 1978. Ningunha outra biografía tense escrito ata agora. A isto podemos engadir artigos sobre aspectos concretos da obra de Vicetto, especialmente aqueles sobre a súa faceta de historiador e principalmente no ámbito da prehistoria e historia antiga. Tamén pequenas referencias a obra de Vicetto en traballos e monografías xerais sobre a historia de Galicia. Por norma a valoración que se fai nestes traballos sobre Vicetto e a súa contribución á historiografía galega é negativa, concedéndoselle certa importancia como novelista e promotor da auto conciencia galega.
Todo isto desembocou, tal e como titula o seu libro Xosefina López, nun Vicetto ignorado.

As homenaxes dende o tecido cultural

Tal era a situación dende a cal a Sociedade Cultural Medulio e a Asociación Cultural Ferrolterra Antiga partiamos cando propuxémonos homenaxear a Vicetto. O fundamental, por tanto, era dar a coñecer a Vicetto e a súa obra, promovendo unha revisión do que se tiña escrito ata o momento.

Entre o 5 de marzo e o 7 de maio realizáronse unha serie de palestras adicadas a figura de Vicetto.



Actos polo bicentenario do nacemento de Benito Vicetto celebrados no Antigo Hospicio de Ferrol

As dúas primeiras delas versaron, precisamente, sobre a súa cuestionada Historia de Galicia. Impartidas por Antonio Casal, Alexandre Peres, Francisco Rodríguez Rubén Labisbal e Manuela Santalla. Nelas explicouse a contribución que fixo Vicetto a historiografía galega, autor da primeira Historia de Galicia completa, que demostrou que Galicia era un obxecto historiable contando cun pasado de seu analizable sen ter que facerse isto de maneira subordinada a historia española, algo por outro lado frecuente. Ademais, disertouse ao respecto da metodoloxía que Vicetto empregou para elaborar o seu compendio histórico, que, en contra do que tantas veces foi repetido, sostense en fontes históricas, documentación e traballos contemporáneos a Vicetto. Na terceira das palestras, enfocada a biografía de Vicetto, Esperanza Piñeiro contextualizou a Vicetto no seu tempo, no século XIX , un periodo convulso, ao igual que a propia vida do autor, sempre en continuo movemento, trocando continuamente de residencia no desempeño do seu oficio de funcionario de prisións. Juan Renales Cortés analizou o alter ego de Vicetto reflectido na súa propia obra literaria, a do patriota xeneroso pero que tamén a daquel conta co seu lado escuro.



Por último, Xosé Fandiño centrouse na percepción de Vicetto dende o ollar dos seus contemporáneos, especialmente dende a perspectiva de Murgía e a súa dura crítica a Vicetto.

Sobre a súa intensa labor periodística falouse nunha cuarta sesión Guillermo Llorca e Xermán Castro documentaron a participación de Vicetto en 25 cabeceiras xornalística galegas, chegando a un total dunhas 70 en todo o estado español, aproveitando os seus traslados para estender as súas colaboracións e difundir a súa obra.

O ciclo completouse cunha palestra adicada a súa extensa obra literaria.

Xosé Ramón Freixeiro abordou o contexto socio lingüístico no que escribiu Vicetto, dominado no ámbito novelístico polo castelán. Pola súa parte, Elia Rico adentrouse nos coñecementos penitenciarios de Vicetto como sustento de obras tales como “Rafael Gómez”. A vez que, Manuel Rei achegouse a vida do escritor mediante o estudo da súa novela “Las tres fases del amor”. Por último, Pilar García, falou sobre a que foi, sen dúbida, a máis exitosa novela de Vicetto, Los Hidalgos de Monforte, loa e reivindicación de Galicia e a súa historia.



Escultura de Benito Vicetto no Parque Municipal de Ferrol

De maneira complementaria o 22 de xuño realizouse un itinerario por algúns dos lugares históricos tratados na Historia de Galicia de Vicetto. Con saída dende a súa rúa en Ferrol Vello, visitouse o Mosteiro de Xubia, a Fábrica de Xubia, o caso histórico de Neda e o Mosteiro de Montefaro.

Os homenaxes institucionais

Paralelamente ao ciclo de conferencias desenvolveuse unha acción de cara a consecución dun recoñecemento institucional, algo esencial de cara a rehabilitación da figura de Vicetto. En colaboración có Bng, promoveuse a solicitude para a declaración de Vicetto como fillo predilecto de Ferrol. Nesta pedíase que dende o Concello, polo aniversario de Vicetto, fixérase unha homenaxe institucional, a restauración do seu busto no Parque Municipal, xunto cos demais aló situados, a renovación das placas da rúa Benito Vicetto, adaptándose a normativa lingüística, e a instalación dunha placa conmemorativa na súa rúa. A vez que se propuxo facer algún tipo de exposición cos fondos da biblioteca de Ferrol. Finalmente, a solicitude de declaración de fillo predilecto, presentada no pleno de marzo, transformouse en declaración institucional.

No día 22 maio, coincidindo co bicentenario do nacemento de Vicetto, na biblioteca de Ferrol inaugurouse tal exposición. Nese mesmo día as entidades e participantes nas conferencias fixeron unha ofrenda floral ao pé do busto de Vicetto.

O acto institucional conmemorativo realizouse o día 28 de maio no Parque Municipal, cunha ofrenda floral ante os bustos xa rehabilitados, e o posterior descubrimento das novas placas da rúa Benito Vicetto.

O día 4 de setembro oficializouse a declaración de fillo predilecto, durante a inauguración da exposición temporal "Benito Vicetto e a prensa ferrolá" comisariado por Esperanza Piñeiro e Guillermo Llorca, onde puideron verse parte dos fondos pertencentes a colección de Gamallo Fierro, por cesión do propietario actual e mediante xestión de Xermán Castro.

Vicetto de cara o futuro

O día 26 de setembro presentouse no Antigo Hospicio un número da Revista Terra e Tempo adicado a figura de Vicetto, e a modo de recompilación do ciclo de charlas trascurridas durante o ano. Xa nese acto tratouse a cuestión do que debe e pode facerse de cara a proseguir coa posta en valor de Vicetto. A consolidación dun grupo de traballo estable entorno a figura Vicetto ou mesmo iniciar unha campaña para que se lle adique a Vicetto un Día das Letras Galegas. O tempo dirá se isto foi un impas no esquecemento de Vicetto ou tense mudado xa algo.

Bicentenario de Benito Vicetto: cronoloxía dunha rehabilitación

ASOCIACIÓN CULTURAL FERROLTERRA ANTIGA

ferrolterraantiga.blogspot.com/



Memento de linguas

HENRIQUE DACOSTA
Escritor

Foto: SmithSonian (PDIA)

Resulta estimulante, un feito referencial mesmo, que houbese persoas fascinadas que, como o noso Vicente Risco, quixesen chamar á porta dos máis doutos para aprender acerca de dúas disciplinas máis ou menos regradas, folclore e etnografía, que non apuntaban necesariamente ás mellor consideradas naquela altura. Así o de Ourense e con ese afán iniciático que caracterizaba o prototipo de home da Xeración Nós foi quen de se encamiñar á Alemaña de Weimar en 1930, a Berlín, á procura de si mesmo, como o Adrián Solovio do "Arredor de si"; aínda que tamén para testemuñar as tensións que se estaban a vivir naquela Europa de entreguerras. A viaxe e estadía fora grazas a unha bolsa de estudos da Junta de Ampliación de Estudios coa que poder investigar. O magnífico resultado desta viaxe vémolo plasmado en "Mitteleuropa", que inicialmente o levaría por Euscadi e París, para residir en Bonn e, máis que nada en Berlín, antes de trasladarse a Praga e Viena.

Risco, que partía coa idea de seguir as ensinanzas do Profesor Thurnwald, descobre que este non se encontra en Berlín, senón en África. Non obstante, Margot Sponer, que traballa no Romanisches Seminar, que estuda o galego e colabora na revista Nós, axúdao na procura do profesor ausente. Risco, entre tanto, non perde o tempo e visita museos etnográficos e estuda as manifestacións do chamado carácter nacional, tamén na rúa, e en conversas con diversos españois e galegos estabelecidos en Alemaña. É o caso de Fernández Armesto, Tobío ou Canedo. Na obra, di nun momento dado sobre Canedo: «El é un home de ciencia estuda lingüística indoeuropea, e non consente que lle chamen filólogo. Debullou o sánscrito, o avesta, o lituano, o celta, o grego, o latín, o gótico,

o eslavo. [...] É un home pechado na súa especialidade, e, polo menos nos medios universitarios, único en España. Tan único, que na Universidade española, tal e como hoxe está constituída, non pode haber máis que un só posto, unicamente, para el: a cadeira de sánscrito na Universidade de Madrid. Ou consegue ese posto, ou non poderá vivir na España.»

No xornal El País deste 8 de decembro aparecía unha curiosa reportaxe sobre un descoñecido Eloy Luis André, galego de Verín, nado en 1876. Filósofo, economista, psicólogo e xurista, dise del que protagonizou centos de noticias na prensa do primeiro terzo do séc. XX. Este sabio seica foi a primeira persoa en tratar de estudar as curvas melódicas do castelán e do galego, e comparalas así coas doutros nove idiomas: grego, xaponés, lituano, romanés, neerlandés, alemán, inglés, ruso e linguas eslavas. Alén de glosar o periplo vital deste home, alumno predilecto de Wilhelm Wundt, pai da psicoloxía moderna e fundador do primeiro laboratorio de psicoloxía experimental, e de ser pupilo en Salamanca de Unamuno, co que porfiou publicamente, a reportaxe céntrase na curiosidade tan extraordinaria do de Verín por rexistrar o castelán e o galego para así realizar unha análise comparativa con esoutros idiomas. Chama a atención que non queira levar a termo a gravación polo medio máis esperado, os cilindros de cera que patentara Edison, senón sobre o carbón do papel afumado, dado que o que máis lle interesaba era consignar a física das curvas e comparar as liñas gravadas. Realizadas entre 1910-1911, disque son as primeiras gravacións da lingua castelá e, sen dúbida ningunha, tamén da galega. O primeiro laboratorio experimental da lingua en España foi fundado en Barcelona catro anos máis tarde, sentando así as bases do futuro CSIC.

A propósito doutro tipo de gravación lingüística, neste caso da escrita, trata “El infinito en un junco”, de Irene Vallejo. Relatásenos nel unha sorte de viaxe, fascinante sen dúbida, a través do obxecto libro como artefacto. Trinta séculos son os que nos separan desas primeiras tabuíñas e inscricións cuneiformes achadas en Mesopotamia. Os arqueólogos dinnos que, na verdade, naceron para levar a cabo labores de contabilidade: redactar listaxes de cabras, espadas ou ánforas de viño. Mais tabuíñas de arxila ou de cera, cascas de bidueiro, pergamiños ou papiros foron algúns destes formatos usados para a súa impresión e previos, por tanto, aos que hoxe en día posuímos. Irene Vallejo agrega a esta información o feito de que a literatura seguirá inventando ou fantasiando sobre este proceso de

inventariar. Así pois, a "Ilíada" fai unha relación detallada das naves gregas que combaten contra os troianos. Que sería da Biblia sen os seus dez mandamentos ou as xenealoxías. Cita o caso dunha escritora xaponesa do séc. X, Sei Shonagon, que introduciu 164 listas do máis sorprendentes no seu "Libro da almofada": 'cousas que aceleran os latexos do corazón', 'persoas que parecen satisfeitas de si mesmas', 'nubes e cousas de que gusto particularmente', etc. En suma, a ansia por estabelecer unha relación de elementos que contar parece estar na xénese da propia escrita.

Rexistros escritos de linguas hoxe extintas como o anatolio, o tocario, o mozárabe, o córnico ou o prusiano xa forman parte do pasado. Saudade, por non dicir tristeza, é o que nos provoca recordar o testemuño concreto de Tuona Udaina, último falante de dálmata, falecido en 1898, imaxinándoo referir a un lingüista o Pai Noso na súa lingua materna: «Tuota nuester, che te sante inte sil,/ sait santificuot el maun to./ Vigna el raigno to./ Sait fuot la voluntuot toa,/ coisa in sil, coisa in tiara./ Duote costa dai/ el pun nuester/ cotidiun [...]» A Tuone Udaina a lingua fóralle transmitida polos pais, mais ficou só no mundo sen ter con quen a compartir, que terríbel vertixe!

A acta de defunción desta lingua románica, o dálmata, veu illar máis se cabe o territorio románico occidental do oriental, este último só presente hoxe no romanés, rodeado por linguas eslavas. O gaélico irlandés, lingua nativa da illa de Éire, é oficial na República de Irlanda e tamén na UE. Porén, o proceso substitutivo que está a sufrir no seu territorio desde hai centos de anos polo inglés, fai que se manteña vizoso tan só na costa oeste, nos condados de Galway, xunto coas Illas Árann, no de Donegal e no de Kerry. Polo que se ve, que sexa obxecto de estima e defensa, mesmo de protección e con status legal, é insuficiente. Morrerá en breve. Logo, visto o exemplo, doe pensar como somos capaces de deixar ir polo sumidoiro da inanición o noso propio, o galego, comprendido e falado pola inmensa maioría da poboación até hai ben pouco. Vexamos os versos de Jorge de Sena: «As línguas, que duram séculos e mesmo sobrevivem/ esquecidas noutras, morrem todos os dias/ na gaguez daqueles que as herdaram:/ e são tão imortais que meia dúzia de anos/ as suprime da boca dissolvida/ ao peso de outra raça, outra cultura». O poeta portugués fala acerca dos fillos, nados en Portugal, mais xa desapegados da lingua mai, unha vez moran nos EUA. Arrepía ver o que nos está a ocorrer, mais coa lingua propia, cuxa desafección en curso se mostra ineludíbel. **E eu me pregunto: temos en verdade solución?**

Memento de linguas

HENRIQUE DACOSTA LÓPEZ

Escritor


Recunchos da intrahistoria ferrolá (I)

GRANDAL, SUÁREZ E A CASA BAHAMONDE

Fernando Ocampo Montesinos

O meu bisavó, Luís Herrera, ferrolán de 1853, a quen non tiven oportunidade de coñecer por obvio motivo cronolóxico: un desfasamento comigo de vinte anos, deixou recado na familia de moitos sucesos, anécdotas e lendas ferrolás, algunhas tan peculiares como os lugares que serviron de inspiración a Francisco Suárez para escribir as súas novelas.

Este personaxe, a quen o meu bisavó coñeceu e tratou, Francisco Suárez García (Ferrol 1827-1900) piloto da Armada por breve tempo, comerciante en Montevideo, funcionario, político e xornalista en Arxentina, regresa a Ferrol en 1860, onde será Alcalde, Deputado republicano no Congreso e terá unha enorme actividade social, cultural e política. Apoiou, en 1972, desde o lado civil, a sublevación republicana do brigadier Pozas no Arsenal, escapou á pena de morte, foi indultado, fundou dúas loias masónicas e seguiu alternado o ensino, o Ateneo, a imprenta, o xornalismo, a literatura, un novo exilio en Portugal e París...



Deixounos poesía e varias novelas, dúas delas profundamente ferrolás, "Os Invasores" e "Grandal"

Sobre esta última imos agora.

"Grandal", publicada en 1897, popular en Ferrol e moi leida na emigración americana, como lembra Guillermo Llorca en "Ferroláns", narra, nunha prosa decimonónica moi apreciada no seu día e hoxe bastante trasnoitada, a historia dun calafate dos arsenais, prototipo de obreiro con conciencia de clase, nobre, austero e tremendamente



Casa Bahamonde



Retrato de Francisco Suárez y García

solidario cos desfavorecidos. Veciño de Serantes, de gran fortaleza física e tamén moral, convertido en defensor dos desprotexidos, ante os atropelos do malvado Mateo e a súa cuadrilla de foraxidos.

En Ferrol, entre aquela monumental historia da cidade de Montero e Aróstegui, de 1858, e outras de Fort e Roldán de principios do século XX, produciuse un gran baleiro de textos descritivos ata os anos setenta e era un pracer, no meu caso a mediados dos 50, escoitar estas historias que traían a casa en fascículos e que meu pai lía en alta voz as tardes chuviosas dos domingos e camiñar cos seus protagonistas polo Cantón, Canido, Ferrol Vello, Esteiro, a rúa Real, ou o Campón.
Unha señora de liñaxe e un frade do Convento de San Francisco, Frei Benito, cun tenente de Infantería e con Grandal, son as almas protectoras dos nenos Periquillo e Dores, vítimas de todos os infortunios. Pois a mansión onde estas vontades reuníanse, que Suárez adxudica a esa señora - Dona María - describindo os seus interiores e decorados con luxo de detalles, é a primeira á esquerda saíndo dos xardíns de Herrera ao entrar na rúa Magdalena, sinalada hoxe co nº 234. Unha preciosa casona que, cando Suárez escribía esta obra, era propiedade dos avós maternos de Franco: Ladislao Bahamonde Ortega, Intendente Xeral da Armada e Mª del Carmen Pardo de Andrade.

De adiviñar, o republicano Suárez, a descendencia desta familia, elixiría, sen dúbida, outro inmoble.
De “Los Invasores” e os seus lugares falaremos outro día.

Recunchos da intrahistoria ferrolá (I): Grandal, Suárez e a casa de Bahamonde

FERNANDO OCAMPO MONTESINOS

Historiador

AS XORNADAS DE DOCUMENTACIÓN DO ATENEO FERROLÁN

Fernando Rivera García
Bibliotecario do Ateneo Ferrolán

O CONTEXTO DAS XORNADAS



Inauguración das 1ª Xornadas por Eliseo Fernández (presidente do Ateneo), Xoan Porto (coordinador) e Suso Basterrechea (concelleiro de cultura de Ferrol)

As Xornadas de Documentación do Ateneo Ferrolán celébranse desde o 2013 e teñen entre os seus obxectivos dar visibilidade e comunicar á sociedade a importancia do traballo que realizan os arquivos, bibliotecas e centros de documentación da nosa comarca.

Cremos que ningún sitio mellor que un ateneo para dar cabida ao debate e a opinión desde diferentes enfoques e puntos de vista. Buscamos un formato que dera pé á interacción profesional desde campos de aplicación distintos e, tamén, que suscitara o interese por coñecer o que ofrecen os servizos de información á cidadanía en xeral.

A experiencia de aquela primeira xornada, dedicada ás bibliotecas e arquivos especializados en información local, foi moi positiva e tivo boa acollida entre a comunidade, a universidade, e a nivel institucional. O resultado de todas as edicións ha sido sumamente enriquecedor e xerador de contactos e intercambio de experiencias, unha retroalimentación na que gañamos todos. Quero agradecer moi especialmente a colaboración desinteresada dos profesionais que participan nas Xornadas, así como a colaboración conseguida de institucións como a Universidade da Coruña ou o Concello de Ferrol, entre outras.

Desde 2013 temos abordado moitos outros temas: experiencias na creación de arquivos e centros de documentación baseados na achega e colaboración colectiva; a contribución social dos servizos documentais das bibliotecas especializadas nos ámbitos universitario, militar, penitenciario o eclesiástico, acercando á cidadanía estas realidades; a xestión documental nos medios de comunicación e os retos que supoñen a revolución tecnolóxica e as redes sociais; o labor educativo e formador das bibliotecas escolares nos distintos tipos de centros escolares.

Os contidos dos relatorios están dispoñibles en son a través do micrositio das xornadas ou no noso repositorio en Internet Archive.

A continuación, de maneira esquemática, expoñemos o que foron as cinco edicións das #XornadasDOC:

I XORNADAS: ÁS BIBLIOTECAS E ARQUIVOS ESPECIALIZADOS EN INFORMACIÓN LOCAL

A biblioteca-hemeroteca do Ateneo Ferrolán [ligazón]
Por **Fernando Rivera**, bibliotecario do Ateneo Ferrolán.

Cales son as perspectivas e cales son os retos do futuro da Biblioteca Hemeroteca do Ateneo Ferrolán. Patrimonio actual, pasado e futuro.

Arquivos e a web semántica, a normativa española de descrición arquivística [ligazón]
Por **María González Bonome**, profesora da Universidade da Coruña.

Tratar de crear un modelo de recuperación da información por medio de conceptos, non de termos. Dar un salto dunha Web de documentos a unha Web de datos. Isto faise a través dunha serie de ferramentas, tanto conceptuais como tecnolóxicas, nas que é preciso compartir esquemas.

O acceso aos arquivos e a súa tipoloxía [ligazón]
Por **Bernardo Máiz Vázquez**, profesor e investigador.

Bernardo Máiz, cuxos estudos e investigacións e son imprescindibles para o coñecemento e interpretación da historia local, dirixe, aquí, a súa mirada aos centros onde desenvolve o seu traballo indagador.

Os arquivos e o seu futuro na sociedade da información e dixital [ligazón]
Por **Xoán Porto**, documentalista.

Esta conferencia aborda o problema incipiente da preservación da información dixital en todos os ámbitos: desde os arquivos familiares e privados, pasando polos medios de comunicación social, tanto tradicionais como os novos medios, e as institucións depositarias da memoria colectiva, arquivos, bibliotecas e centros de documentación. A transición do papel aos denominados soportes dixitais trae aparelladas moitas vantaxes pero tamén inconvenientes para a preservación. Ademais das actuacións específicas, para garantir no futuro a preservación e recuperación da información dixital por parte das futuras xeracións é perentorio poñer hoxe as bases para arquivar a World Wide Web, moi especialmente no eido local.

II XORNADAS: ARQUIVOS PARA A CIDADANÍA. ARQUIVOS DA CIDADANÍA

O papel dos arquivos da administración pública e das institucións privadas no

servizo á cidadanía. Experiencias na creación de arquivos e centros de documentación baseados na achega e colaboración colectivas [ligazón]

Os arquivos e os cidadáns: algúns problemas do noso tempo [ligazón]
Por **Pedro López Gómez**, profesor honorario da Universidade da Coruña e presidente da Fundación Olga Gallego.

Nun mundo globalizado e dixital, e referíndonos aos estados democráticos, os arquivos experimentaron unha transformación, debido á evolución do propio concepto de arquivo, e sobre todo ao uso das novas tecnoloxías, que inciden tanto na súa propia natureza como no acceso dos cidadáns aos seus documentos, que faise máis aberto, sinxelo e transparente.

Pero este proceso convive con situacións e prácticas que o dificultan, como a carencia de arquivos ou de sistemas arquivísticos debidamente conformados en moitas entidades públicas, a separación de grandes masas documentais ao uso público, ao amparo das leis de segredos oficiais, ou a dificultade de acceder a determinados documentos administrativos, pola existencia dunha normativa un tanto confusa e restritiva, como as denominadas leis de transparencia ou de procedemento administrativo. E por suposto, a carencia de recursos, léase persoal, locais ou medios económicos, para organizar e describir adecuadamente os documentos, o que tradúcese moitas veces en destrucións arbitrarias, das que con frecuencia temos noticias na prensa periódica.

Os cidadáns e os medios de comunicación deberían ser conscientes de que unha boa organización arquivística defende os seus dereitos á información, contribúe á boa xestión administrativa, e garante a reconstrución da historia e a conformación das identidades, nacionais, de clase ou de xénero, de xeito fidedigno.



Xoán Porto, coordinador das xornadas e Pedro López

Arquivos e dominio: repensando os arquivos para a cidadanía [ligazón]
Por **Gaspar Domínguez**, @SCQlab.

A invención e o melloramento técnico dos documentos e das distintas fórmulas de arquivo confúndense co nacemento e co perfeccionamento do

dominio social desde a mesma orixe da civilización. O obxectivo deste relatorio é indagar de xeito crítico na posibilidade de conquistarmos os arquivos para a cidadanía, como suxire o lema destas II Xornadas.



Gaspar Domínguez

Arquivo da cidadanía: Fálame de San Sadurniño [ligazón]
Por **Manolo González e Carmen Suárez**, responsable do proxecto.

«Unha Historia cada día».

Fálame de San Sadurniño xurde dunha actividade desenvolvida na Aula CeMIT do Concello de San Sadurniño para conmemorar o 17 de maio do 2013, día das Letras Galegas e tamén día de Internet, conxugando na mesma actividade a defensa da lingua galega e o emprego das TIC.

Basicamente a actividade consiste na realización de obradoiros colaborativos no que os e as participantes aprenden a dixitalizar e xeolocalizar fotografías; posteriormente gravan un audio explicativo de cada imaxe, para subir logo o resultado final á web www.falamedesansadurnino.org: un espazo na rede no que simples fotos faladas cargan de sentido colectivo a pequenas vivencias individuais que, so en aparencia, semellan desconectadas.

Mais o proxecto non só pretende reflectir os tempos pasados de San Sadurniño, senón tamén o seu presente a través de imaxes, sons, vídeos ou documentos que nos "falen de SanSa" na actualidade, para convertérense nun espazo vivo e integral da memoria que sostén o devalar cotián das xentes, empresas, asociacións ou creadoras e creadores das terras de San Sadurniño.



Carmen Suárez e Manolo González

Ao igual que as xornadas anteriores, rematouse cun coloquio entre os relatores e o público asistente, dando lugar a un intercambio de ideas, dúbidas e información [ligazón].



Público asistente no salón de actos do Ateneo

III XORNADAS: BIBLIOTECAS ESPECIALIZADAS. EXPERIENCIAS

Como instrumento social, as bibliotecas especializadas proporcionan elementos informativos á investigación (científica, humanística e social), á educación e á formación académica e lúdica en ámbitos socias moi concretos. Dita contribución merecía quedar reflectida en traballos que permitan inferir esas achegas e, a súa vez, expoñer as necesidades e debilidades ás que están comprometidas.

Polo tanto, afín dos anos anteriores e continuando co propósito de dar visibilidade e comunicar á sociedade a importancia do traballo que realizan os arquivos, bibliotecas e centros de documentación da nosa comarca, o Ateneo Ferrolán presentou as III Xornadas de documentación [ligazón]

Bibliotecas e coleccións especializadas [ligazón]

Por **Rocío Ameneiros Rodríguez,** profesora e vicedecana na Facultade de Humanidades e Documentación da Universidade da Coruña.

Introdución ó concepto, tipoloxía e funcións das bibliotecas e coleccións especializadas que, formando parte de bibliotecas enciclopédicas, teñen un tratamento e funcións similares ás propias bibliotecas especializadas.



O coordinador Fernando Rivera e Rocio Ameneiros

Novas actividades de formación na Biblioteca do Campus de Esteiro "Casa do Patín" [ligazón]

Por **Tomás Lagunas Montero**, facultativo de Arquivos e Bibliotecas da Universidade da Coruña. Bibliotecario do Campus de Esteiro "Casa do Patín"

Expuxo as estratexias formativas para incrementar a visibilidade e o impacto dos resultados da investigación e a formación bibliográfica e documental

destinada aos estudantes de Fin de Grao e Fin de Máster.



Tomás Laguna Montero

Biblioteca da Escuela Antonio de Escaño da Armada [ligazón]
Por **Eliseo Fernández Fernández**, responsable da Biblioteca Técnica da “Escuelas de Especialidades Antonio de Escaño”

A Biblioteca da Escola Antonio de Escaño forma parte da rede de bibliotecas do Ministerio de Defensa de división tripartita: unha biblioteca histórica (con valor patrimonial), unha biblioteca técnica (conformada polas especialidades impartidas no centro académico) e outra biblioteca dirixida ao recreo educativo. Dende esta tripla perspectiva, as Bibliotecas da Escola dan servizo aos alumnos e persoal militar.



Eliseo Fernández Fernández

O Centro Público de Educación e Promoción de Adultos de Teixeiro (E.P.A.P.U.), Centro Penitenciario de Teixeiro
Por **Mª Jesús Amado Silvar**, xefa de estudos do Centro, **Antonio Bernárdez Sobreira**, coordinador da Biblioteca e **José Antonio González Barbeito**, director do EPAPU de Teixeiro.

Maxistral relato sobre o papel da biblioteca escolar como dinamizadora da vida académica nun tan particular como é o penitenciario. O ensino, os niveis formativos que se imparten, a historia do centro e as peculiaridades da institución contextualizan o relatorio, facendo fincapé na colaboración necesaria entre dúas administracións e os proxectos que se levan a cabo neste ámbito [Epapu].



Coloquio 1º día: Fernando Rivera (coordinador), Eliseo Fernández, Tomás Laguna e Rocio Ameneiros



Fernando Rivera (coordinador das xornadas), Mª Jesús Amado, Jose A. González e Antonio Bernárdez

A biblioteca do Real Seminario "Santa Catalina" de Mondoñedo [ligazón]
Por D. **Félix Villares Mouteira**, director da Biblioteca do Real Seminario de Mondoñedo e do Arquivo Diocesano de Mondoñedo – Ferrol

O Seminario de Mondoñedo, conta cunha das bibliotecas máis importantes do país. Visitada por centos de investigadores, profesores e universitarios, a biblioteca conserva máis de 30.000 volumes de grande importancia histórica, non só polo seu número, senón, sobre todo, polo valor patrimonial de moitos deles, entre os que destacan os 22 incunables (anteriores a 1500) que se conservan en perfecto estado



Félix Villares e Fernando Rivera (coordinador)

Dunha biblioteca hospitalaria presencial a unha biblioteca virtual "Bibliosaude" [ligazón]
Por **Uxía Gutiérrez Couto**, bibliotecaria do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol

A Biblioteca Virtual do Sistema Público de Saúde de Galicia está constituída pola rede de bibliotecas dos centros sanitarios centrais, que traballan no desenvolvemento dunha biblioteca dixital para os profesionais e usuarios dos servizos de saúde. O seu obxectivo é poñer a disposición dos usuarios finais información relevante para a toma de decisións na práctica clínica, na xestión, a docencia e a investigación, e fomentar a súa actualización.
Bibliosaúde reúne nun único sitio diferentes fontes de información avaliadas, garantindo a calidade e modernización dos seus contido bibliosaude.sergas.es



Uxía Gutiérrez Couto

IV XORNADAS: MEDIO DE COMUNICACIÓN SOCIAL. MEDIOS SOCIAIS

O desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación supón un cambio no paradigma comunicativo, configurando un novo sistema de información nos medios convencionais ao incorporar unha nova interacción coa sociedade, unhas novas redes sociais.

A presente voracidade informativa evidencia a importancia do manexo, directa ou indirectamente, das técnicas documentais, e son os profesionais que, grazas a súa formación e as habilidades adquiridas na praxe laboral, fan fronte ao vórtice comunicativo demandado polas masas.

Polo tanto, achegar á cidadanía a realidade cotiá do traballo das institucións e profesionais dos medios de comunicación social, constituíron a finalidade das IV Xornadas de Documentación do Ateneo Ferrolán. [ligazón]



Fernando Rivera (coordinador), Man Castro (conferencia inaugural) e Suso Basterrechea (concelleiro de cultura)

Da información de boa fe ao xornalismo documentado [ligazón]
Por **Germán Castro Tomé**, xornalista e director fundacional do Diario de Ferrol.

Catro décadas de xornalismo é a bagaxe profesional de 'Man ' Castro, corenta anos comprometido coas inquedanzas sociais da nosa cidade. Referente para moitas e moitos comunicadores, defensor da ética periodística e do rigos informativo, Germán Castro principiou a súa traxectoria profesional no 1974, no Ferrol Diario. Desde entón, a súa carreira transcorre por diferentes medios de comunicación, entre outros, "Ideal Gallego", "Faro de Vigo", "La Voz de Galicia", "Hoja del Lunes", "El País", "Radio Nacional de España" e, finalmente, o "Diario de Ferrol", asumindo a súa fundación e dirección. Impulsor do Club de Prensa de Ferrol, da revista "Ferrol Análisis", da "Revista Oral" e do Curso de Pensamento "Carlos Gurméndez" ou o premio de fotoxornalismo galego "Galicia en foco".
Germán Castro é testemuña directa da revolución das tecnoloxías da información. Un panorama que tornou o modo de divulgar a información, pasando dunha difusión case 'artesán' a unha comunicación dixital, a un xornalismo participativo, un xornalismo 2.0. Consecuentemente, ningún como 'Man' Castro para falarnos de todo aquilo que comprende.

ou abrangue a información dentro dun medio de comunicación social.

Apuntamentos do novo xornalismon no eido local. [ligazón]
Por **Marta Corral**, xornalista de Ferrol360

Negándose a facer as maletas e coa ilusión de crear. Desexosos de darlle de novo á tecla, de volver a tomarlle o pulso á información, de non desengancharse das rutinas laborais, ... Así estaban a principios de 2013 cando decidiron unir forzas e aproveitar a gran oportunidade que o xornalismo dixital lles brindaba www.ferrol360.es



Fernando Rivera (coordinador) e Marta Corral

Da fotografía local á fotografía arqueolóxica en Palestina: experiencias [ligazón]
Por **José Pardo Vázquez**, fotógrafo .

A fotografía informa, documenta e conta historias. Todos entendemos que o fotoxornalismo é unha rama do periodismo e consideramos a foto como un elemento que ilustra o texto, pero a fotografía, en si mesma, é un dos documentos máis valiosos para reflexar a nosa historia, a nosa cultura e, en definitiva, a sociedade dun pobo. A fotografía narra historias. É un medio expresivo que convida á reflexión, que evoca sentimentos e que crea opinión. Como se constrúe a narración, a elección da imaxe, a pauta, o ritmo, a técnica, son parámetros que o fotógrafo debe dominar para contar unha historia cunha imaxe. A fotografía documenta feitos. A captura de acontecementos sociais ou históricos a través de imaxes nos axuda a mostrala realidade do mundo. A diferencia do fotoxornalismo, a fotografía documental ten maior profundidade e, nesta caso, a fotografía documental asóciase á arqueoloxía. Non só para inventariar o descubrimento e a súa investigación, senón para preservar o achado e a súa lembranza. José Pardo impor a súa ampla e dilatada experiencia en transmitir estes tres "obxectivos" da fotografía como medio de comunicación social.



Fernando Rivera (coordinador) e José Pardo

La radio como medio de comunicación social. 50 años de COPE Ferrol [ligazón]
Por **Ada Romero Sixto**, comunicadora de Radio COPE Ferrol.

Medio de comunicación de referencia na nosa cidade, non ano 2017, radio COPE Ferrol cumpriu 50 anos. Medio século informando e dando voz ás veciñas e veciños da bisbarra ferrolán. Emisora decana da nosa cidade e, durante moitos anos, única emisora de COPE na provincia da Coruña. Entre os seus programas, destaca o lendario "usted dirá", que poderiamos considerar esbozo dunha "red social", pola súa interacción co tecido social da comarca.



Ada Romero Sixto nas instalacións de COPE Ferrol

Memoria e arquivo nos medios sociais [ligazón]
Por **Xoán Porto**, documentalista.

Apenas dez anos precisaron as grandes corporacións privadas para tomar o control da World Wide Web. Creada como rede aberta e colaborativa, a popularización da Web e o hipertexto a partir de 1996 foi o punto de partida dunha revolución que transformou a sociedade. A web enfocou os avances tecnolóxicos nos eidos da información e das comunicacións mudando a forma en que se comunican e relacionan os seres humanos. A dixitalización favoreceu o rexistro da actividade vital e intelectual das persoas a un nivel sen precedentes. Desde 2006, os denominados medios ou redes sociais canalizan e difunden unha boa parte do volume da información creada polas persoas. Os principais medios sociais, baseados en modelos centralizados e opacos, pertencen a corporacións privadas que, polo xeral a cambio da prestación dun servizo telemático, almacenan, agregan, consolidan e explotan a información creada polas persoas e os datos e metadatos xerados pola súa actividade, principalmente coa finalidade de obter un beneficio económico, comercial ou competitivo.

Nesta conferencia, organizada en catro partes, sintetízase a historia e evolución dos medios sociais na web; preséntase un estudo de casos sobre a implicación

que ten a utilización deste tipo de servizos desde o punto de vista do usuario; finalizando cunha proposta de enquisa de autoavaliación para un uso consciente dos medios sociais.

Unha visión non oficial da arquivística e os arquivos militares en Twitter [ligazón]

Por **Carmen Rial**, Arquiveira do Estado

Esta intervención quere compartir unha experiencia de divulgación da arquivística nunha das redes sociais de maior impacto actualmente, como é "twitter". En outubro de 2015, dous arquiveiros e tres arquiveiras do Estado abriron a conta @ArchiMiles co propósito de compartir impresións, coñecementos e opinións sobre os arquivos militares e sobre a nosa profesión, como contribución a súa posta en valor, pero tamén como unha nova forma de disfrutala. Resumiranse os tipos de contidos habituais tratados durante estes dous anos de funcionamento, como son as indicacións sobre os documentos que custodia cada Arquivo, as características de libros e webs que usan fondos documentais militares, a nosas asistencias e participacións a xornadas de arquivos ou os debates que se producen a partir das novas en prensa que afectan os nosos centros.

V XORNADAS: BIBLIOTECAS ESCOLARES. EDUCADORAS E FORMADORAS

No ano 2024 retomamos as xornadas que foran adiadas, nun primeiro momento, polo covid e, posteriormente, por problemas organizativos. Estas xornadas centráronse na importancia das bibliotecas no ámbito educativo e nas variantes tipoloxías de centros escolares.

A IFLA e a UNESCO, no seu manifesto da biblioteca escolar (1999), recolle que:

"A biblioteca escolar proporciona información e ideas que son fundamentais para desenvolver con éxito na actual sociedade da información e coñecemento".

"A biblioteca escolar dota aos estudantes con habilidades de aprendizaxe que permitiranlles aprender ao longo da súa vida e desenvolver a imaxinación, facendo posible que cheguen a vivir como cidadáns responsables" [ligazón]



Inauguración das 5ª xornadas por Xavier M. Dongil (presidente do Atreneo), Fernando Rivera (coordinador) e Jose A. Ponte Far (concelleiro de cultura)

Centro de Formación e Recursos de Ferrol [ligazón]

Por **Manuel Losada Cabanas**, director do CFR Ferrol.

Os Centros de Formación e Recursos teñen entre os seus obxectivos a formación permanente do profesorado do ensino non universitario. Ademais de servir como espazos para o intercambio de experiencias e a reflexión sobre os procesos educativos, tamén contribúen á mellora da calidade do ensino mediante a dinamización pedagóxica dos centros. Neste relatorio falouse das actuacións en materia de bibliotecas escolares e fomento da lectura no ámbito dos CFR.



Fernando Rivera (coordinador) e Manuel Losada

A biblioteca do CPI de San Sadurniño [ligazón]

Por **Marta Díaz Tie**, membro do equipo da biblioteca.

A biblioteca do CPI de San Sadurniño (BiblioSansa) está integrada no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares desde 2010. Participou no **proxecto piloto E-LB** (lectores electrónicos nas bibliotecas Escolares) e estaba seleccionada na convocatoria para a impulsar os clubs de lectura da Xunta de Galicia e conta con tres salar (dúas no edificio de Educación Infantil e Primaria e unha no de ESO) e dous puntos de lectura.

A biblioteca ofrece os servizos de lectura en sala, préstamo individual e de aula e utilización de equipamento informático para fins didácticos, organizando, en colaboración cos departamentos e equipos de ciclo; tamén desenvolve actividades de integración da biblioteca no currículo, formación de usuarios e fomento da lectura.



Juan Casal, Marta Díaz e Águeda Gutiérrez

A biblioteca "José Fontenla Leal" do Conservatorio Profesional de Música "Xan Viaño" [ligazón]

Por **Águeda Gutiérrez Escudero**, responsable da biblioteca.

A biblioteca escolar nun conservatorio profesional de música apoia a actividade académica e á vez é un dos elementos dinamizadores da vida do centro.

Unha biblioteca para a Formación Profesional: CIFP Ferrolterra [ligazón]
Por **Juan Casal Mera**, profesor de Electrónica e ex-coordinador da biblioteca.

Recreos ConCiencia, Olimpiada cultural, Club de cinema, revista Haiche Outra...son algúns dos proxectos desenvolvidos desde a biblioteca do Centro Integrado de Formación Profesional Ferrolterra que a converteron nun referente para o alumnado á hora de obter información, explorar, deseñar, crear e comunicar.

Péchase o acto co correspondente coloquio entren os relatores e o público.

As últimas xornadas están dispoñibles en: xornadasdoc.ateneoferrolan.org. Podes escoitar as gravacións dos relatorios e a información de tódalas edicións anteriores micrositio das XornadasDOC, no noso repositorio en Internet Archive.

Estamos traballando para organizar o que serán as VI Xornadas de Documentación do Ateneo Ferrolán, as cales comunicaremos en tempo e forma.



Coloquio: Fernando Rivera (coordinador), Manuel Losada, Juan Casal, Marta Díaz e Águeda Gutiérrez

#XornadasDOC



Ilustración: Fernando Ocampo

FERROL

Ateneo Ferrolán

Un lugar de encontro para a cultura

